



BOP

VIERNES, 28 DE ABRIL DE 2017

Nº 097

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

BOLSAS DE EMPREGO TEMPORAL

Por Resolución de alcaldía, aprobanse o 20 de abril, as bases xerais e as bases específicas que rexerán a convocatoria para a creación de bolsas de emprego para diversos postos de traballo como persoal laboral temporal do concello de Barreiros e que se transcriben literalmente, abrindose o prazo para a presentación de instancias conforme ao establecido nas mesmas.

As bolsas de emprego que se abren neste momento serán as seguintes:

- POSTOS DE PEON LIMPADOR/A DE ESPAZOS E EDIFICIOS PÚBLICOS.
- POSTOS DE CONDUCTOR DE TRACTOR-DESBROZADORA E LABORES DE DESBROCE E LIMPEZA DE VIAS E ESPAZOS PUBLICOS.
- POSTOS DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA E LABORES DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS.
- POSTOS DE TRABALLO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
- POSTOS DE TRABALLO NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- POSTOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS E CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL.

“BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO PARA DIVERSOS POSTOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS.”

1. - OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para a creación de bolsas de emprego para cubrir prazas de persoal laboral temporal no Concello de Barreiros que queden vacantes por motivos sobrevidos (baixas, vacacións, xubilacións, acumulación de tarefas, traballos estacionais,...) mentras as mesmas non se cubran polo procedemento xeral.

Nos postos de traballo que se cubran a través destas bolsas de emprego, os seleccionados prestarán servizos, de carácter temporal, no Concello de Barreiros, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a alcaldía, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ó funcionamento do servizo público descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

As presentes bases publicaranse no BOP de Lugo, no Taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal: www.concellodebarreiros.com.

Estas bases son xerais, polo cal acudirase a cada convocatoria concreta e específica regulada a través de cada unha das bases específicas que se podan aprobar.

2.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos nas listas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo nas que as mesmas estean en vigor:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Empego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público.

Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoa que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Estar en posesión da titulación esixida en cada caso para cada praza nos termos que se sinalen en cada base específica.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e) Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará segundo o establecido en cada base específica.

f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

g) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

3.- INSTANCIAS.

Os que desexen entrar a formar parte das bolsas para traballo temporal, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se publicará como anexo ás bases específicas e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na páxina web municipal.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios (correo, ventanilla única doutra administración, ...) deberán comunicalo dentro do prazo mediante fax ó número 982124110, remitindo copia anexa da solicitude presentada. Serán excluídas todas as solicitudes que non remitan este avance ó fax dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de instancias será de dez días hábiles (non contan sábados, domingos nin festivos) contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA INSTANCIA.

Coas instancia deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Copia da titulación que se esixa en cada caso concreto.

- Copia do título de galego que se esixa en cada caso concreto.

- Declaración responsable segundo o modelo que se inclúen nestas bases.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso. Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E MESA DE AVALIACIÓN.

Serán admitidos os aspirantes que presenten as instancias no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases e nas específicas.

Unha vez recibidas todas as instancias, reuniráse unha Mesa de Avaliación que valorará cada unha das instancias conforme aos criterios establecidos nas bases específicas ao obxecto de elaborar as listas. A Mesa de Avaliación estará integrada por tres persoas que serán funcionarios ou persoal laboral fixo, preferentemente do

propio concello de Barreiros, inda que se poderán designar membros doutras Administracións Públicas segundo as necesidades de cada caso.

A Mesa de Avaliación resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e nas bases específicas de que se trate, e estará facultada para resolver as cuestións que se promovan durante a valoración dos méritos, así como a adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde deste proceso en todo o que non estea previsto nestas bases.-

Sempre deberán estar presentes como mínimo, dous dos tres membros da Mesa de Avaliación.

Os membros da Mesa de Avaliación deberán absterse de intervir, notificándollo ó sr. Alcalde, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de réxime xurídico das administracións públicas.

6.- VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA ELABORACIÓN DE LISTAS.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos en cada unha das bases específicas.

Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia. Si non se puidesen acreditar documentalmente en dito prazo, a Mesa de Avaliación, daralle ó aspirante un prazo de cinco días naturais para poder presentar dita documentación. Si non se presenta en dito prazo non se poderá valorar dito mérito.

7.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.

Rematada a cualificación dos aspirantes, a Mesa de Valoración propondrá á alcaldía unha lista por cada unha das bases específicas, que se exporán no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, e contra as mesmas poderán presentar reclamacións os interesados no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicaránse as listas definitivas polos mesmos medios.

8.- PROCEDIMENTO PARA CUBRIR AS BAIXAS TEMPORAIS EXISTENTES.

Cando resulte necesario cubrir unha das prazas de forma temporal, avisarase aos integrantes da lista correspondente polo orde que figuren nela.

Este aviso faráse de forma individualizada para cada candidato a través dos medios de comunicación que facilítase: teléfono, correo electrónico,... e no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. No caso de que, nos tres días hábiles seguintes á publicación non se conseguise contactar co interesado procederáse a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifeste a súa renuncia.

A renuncia non implicará a eliminación da lista, únicamente pasará ao último posto da mesma.

Unha vez personado o aspirante, formalizarase o correspondente contrato de interinidade coas condicións correspondentes a cada posto de traballo.

Unha vez finalizado o período de contrato, o aspirante reintegrarase nas listas, na orde correspondente.

9.- VIXENCIA DAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN.

A vixencia destas bolsas de contratación será de dous anos, prorrogables por un ano mais, inda que, dependendo do resultado, si o número de persoas existente na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reducirse esa vixencia e sacar unha nova convocatoria, non antes dun ano.

10.- RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Asimismo, a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante o alcalde no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a. _____, con DNI _____, con domicilio a estes efectos en _____, con dirección de correo electrónico _____ e teléfono de contacto _____,

DECLARA baixo xuramento ou promete, ós efectos de ser admitido/a no proceso de elaboración de bolsas de emprego para cubrir postos de traballo temporais no concello de Barreiros, que:

- A) Non foi separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ó Emprego público nos termos anteriores.
- B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.
- C) Cumprir cos requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó Servizo das administracións públicas.

En _____, a ____ de _____ de 2017.

O/A solicitante

Asdo:

ANEXO I.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE PEON LIMPADOR/A DE ESPAZOS E EDIFICIOS PÚBLICOS.**1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual correspondente ó salario mínimo fixado en cada momento mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos e ubicación concreta dos mesmos indicaráselle polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio. No caso de ter que facer desprazamentos no termo municipal por motivos de traballo, abonaráse cada mes o kilometraje efectuado a 0,19 €/Km acreditado.

5.- Baremo do concurso:**a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia profesional en postos de características similares en concellos ou outras Administracións Públicas. Máximo 7 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

- Experiencia profesional en postos de características similares no sector privado. Máximo 3 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

b) FORMACIÓN:

- Por cursos realizados directamente relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos

- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos

- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE PEON LIMPADOR/A DE ESPAZOS E EDIFICIOS PÚBLICOS.

.D./D.^a _____ con DNI _____,
 con _____ enderezo a efectos de _____ notificación en _____,
 _____, teléfono _____;
 Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Copia da titulación esixida.
- Copia do carné de conducir. (Declaro que teño dispoñibilidade de vehículo propio).
- Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

 - -----
 - -----
 - -----
 - -----
 - -----
 - -----
 - -----
 - -----
 - -----

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, ____ de _____ de 2017

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Barreiros, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte enderezo: Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros.

ANEXO II.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE CONDUCTOR DE TRACTOR-DESBROZADORA E LABORES DE DESBROCE E LIMPEZA DE VIAS E ESPAZOS PUBLICOS**1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 8 e salario bruto mensual 940 € mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos e ubicación concreta dos mesmos indicaráselle polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir tipo B.

5.- Baremo do concurso:**a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia profesional en postos de características similares no sector público ou privado. Máximo 4 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

- Experiencia acreditada no sector agrícola ou medioambiental, incluíndo o manexo de maquinaria agrícola (tractor, desbrozadora,...). Máximo 4 puntos. 0,5 puntos por cada ano de experiencia acreditada.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

Para acreditar a experiencia no sector agrícola deberá presentar calquera tipo de documentación que o poda xustificar (certificado de estar dado de alta neste tipo de actividade, contrato laboral correspondente, vida laboral, declaración xurada,...)

b) FORMACIÓN:

- Por cursos relacionados co sector agrícola ou medioambiental. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos

- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos

- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

6.- Proba práctica.

Trala valoración do concurso, realizarase unha proba práctica, consistente no manexo do tractor con desbrozadora municipal para ver as aptitudes e capacidade de cada aspirante.

Esta proba valorarásese con ata 6 puntos.

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE CONDUCTOR DE TRACTOR-DESBROZADORA E LABORES DE DESBROCE E LIMPEZA DE VIAS E ESPAZOS PUBLICOS

D./D.^a _____ con DNI _____,
con _____ endereço _____ a efectos de _____ notificación en _____
Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____
teléfono _____;

EXPOÑO:

- 1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.
- 2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.
- 3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
- 4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

Copia da titulación esixida.

Copia do carné de conducir.

Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, ____ de _____ de 2017

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Barreiros, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte endereço: Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros.

ANEXO III.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA E LABORES DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS.**1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 8 e salario bruto mensual 1.000 € incluída a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos e ubicación concreta dos mesmos indicaráselle polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir C.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia na prestación do servizo de conductor motobomba: 0,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia na prestación de servizos de prevención ou loita contra incendios: 0,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

b) FORMACIÓN:

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

6.- Proba práctica.

Trala valoración do concurso, realizarase unha proba práctica, consistente no manexo do camión motobomba para ver as aptitudes e capacidade de cada aspirante.

Esta proba valorarásese con ata 6 puntos.

7.- Proba de esforzo.

Antes da contratación, o aspirante deberá pasar unha proba de esforzo e unha revisión médica que o acredite como apto para este tipo de traballo.

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA E LABORES DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS

D./D.^a _____ con DNI _____,
 con _____ endereço _____ a efectos de _____ notificación en _____,
 _____, teléfono _____;
 Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

Copia da titulación esixida.

Copia do carné de conducir.

Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, ____ de _____ de 2017

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Barreiros, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte endereço: Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros.

ANEXO IV.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE TRABAJO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización e salario bruto mensual dependerá das funcións que vaia a desempeñar. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indícaráselle polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Poderán presentar a súa solicitude as persoas que contén con algunha destas titulacións:

- Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía ou equivalente.
- Maestro/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico superior en educación infantil ou equivalente.
- Técnico en atención socio-sanitaria
- Técnico superior en animación sociocultural
- Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
- Diplomado/a en puericultura, reconecido pola Consellería de Sanidade

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar co carnet de manipulador de alimentos.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia laboral en Escolas Infantil xestionadas directamente por concellos ou por outras administracións públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado ou educación infantil en empresas privadas ou públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

b) FORMACIÓN:

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

6.- Chamamentos

No momento de realizar os chamamentos, e dependendo do posto de traballo a cubrir, realizarase o chamamento a aquelas persoas que teñan a titulación axeitada polo seu orde na lista.

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

D./D.^a _____ con DNI _____,
 con _____ endereço _____ a efectos de _____ notificación en _____,
 _____, teléfono _____;
 Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.

2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.

3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.

4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos.

Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, ____ de _____ de 2017

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Barreiros, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte endereço: Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros.

ANEXO V.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE TRABAJO NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual 950 € mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicaráselle polo responsable do departamento de servizos sociais segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

- Título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio. No caso de ter que facer desprazamentos no termo municipal por motivos de traballo, abonaráse cada mes o kilometraje efectuado a 0,19 €/Km acreditado.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia laboral no Servizo de Axuda no Fogar xestionado directamente por concellos ou por outras administracións públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado de ancianos ou persoas dependentes, en empresas privadas ou públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

b) FORMACIÓN:

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE TRABALLO NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

D./D.^a _____ con DNI _____,
con _____ enderezo a efectos de _____ notificación en _____,
teléfono _____;
Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.

2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.

3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.

4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos.

Copia do carné de conducir. (Declaro que teño dispoñibilidade de vehículo propio).

Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, ____ de _____ de 2017

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Barreiros, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte enderezo: Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros.

ANEXO VI.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS E CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL.**1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización e salario bruto mensual de 900 mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos e ubicación concreta dos mesmos indicaráselle polo responsable do departamento de persoal ou de obras, segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio. No caso de ter que facer desprazamentos no termo municipal por motivos de traballo, abonaráse cada mes o kilometraje efectuado a 0,19 €/Km acreditado.

5.- Baremo do concurso:**a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia profesional en postos de características similares en concellos ou outras Administracións Públicas. Máximo 7 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

- Experiencia profesional en postos de características similares no sector privado. Máximo 3 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

b) FORMACIÓN:

- Por cursos realizados directamente relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos

- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos

- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

d) OUTROS CARNES DE CONDUCIR:

Valorarase con hasta 3 puntos que a persoa estea en posesión de carnets adicionais ó B.

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS E CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL..

D./D.^a _____ con DNI _____,
 con _____ endereço _____ a efectos de _____ notificación en _____,
 _____, teléfono _____;
 Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.

2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.

3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.

4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

Copia da titulación esixida.

Copia do carné de conducir. (Declaro que teño dispoñibilidade de vehículo propio).

Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

- _____
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, ____ de _____ de 2017

Sinatura: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARREIROS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Barreiros, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte endereço: Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros."

En Barreiros, a 20 de abril de 2017.- O Alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga

R. 1156

BECERRÉA

Anuncio

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de marzo de 2017, adxudicouse contrato de prestación do servizo de limpeza de centros escolares e outras instalacións municipais, formalizado en documento administrativo de contratación con data 18 de abril de 2017, o que se publica aos efectos do artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

1. Entidade adxudicadora:

a) Concello de Becerreá.

b) Dirección de internet do perfil de contratante: www.concellodebecerrea.com

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: de servizos

b) Descrición: prestación do servizo de limpeza de centros escolares e outras instalacións municipais.

c) CPV Servizos sociais: 90911200-8 e 90919000-2.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: Boletín Oficial da Provincia de Lugo e perfil do contratante.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 28 de xaneiro de 2017.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4. Orzamento máximo de licitación:

O orzamento máximo de licitación establécese en 826 euros/mensuais sen IVE, (826 euros/mensuais sen IVE máis 21% de IVE, 173,46 total 999,46 euros IVE incluído) para a limpeza do CEIP San Xoán de Becerreá e de 508 sen IVE/semestre para a limpeza dos cristais do centro de saúde (508 euros sen IVE máis 21% de IVE, 106,68 euros, total 614,68 euros IVE incluído), de 508 sen IVE/semestre para a limpeza dos cristais da Casa Consistorial (508 euros sen IVE máis 21% de IVE, 106,68 euros, total 614,68 euros IVE incluído) e de 508 sen IVE/semestre para a limpeza dos cristais da Biblioteca Telecentro (508 euros sen IVE máis 21% de IVE, 106,68 euros, total 614,68 euros IVE incluído).

5. Adxudicación:

a) Data: 29 de marzo de 2017.

b) Contratista: LIMPERGAL, S.L.

c) O prezo do contrato será de:

*730 €/mensuais máis IVE para a limpeza do CEIP San Xoán de Becerreá.

*275 €/semestre máis IVE para a limpeza dos cristais do centro de saúde.

*275 €/semestre máis IVE para a limpeza dos cristais da Casa Consistorial.

*275 €/semestre máis IVE para a limpeza dos cristais da Biblioteca-Telecentro.

Becerreá, 18 de abril de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 1131

*Anuncio***FORMALIZACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de marzo de 2017, adxudicouse contrato de servizos para a prestación do servizo de transporte de escolares ao CEIP e IES e usuarios do Centro de Servizos Sociais de Becerreá, formalizado en documento administrativo de contratación con data 18 de abril de 2017, o que se publica aos efectos do artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

1. Entidade adxudicadora:

a) Concello de Becerreá.

b) Dirección de internet do perfil de contratante: www.concellodebecerrea.com

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: de servizos

b) Descrición: prestación do servizo de transporte de escolares ao CEIP e IES e usuarios do Centro de Servizos Sociais de Becerreá.

c) CPV Servizos sociais: 60112000-6.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: Boletín Oficial da Provincia de Lugo e perfil do contratante.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 28 de xaneiro de 2017.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4. Orzamento máximo de licitación:

*591 €/mes máis IVE facendo un total de 650,10 €/mes polo servizo de transporte de usuarios ao Centro Social.

*1.420 €/mes máis IVE facendo un total de 1.562 €/mes polo servizo de transporte de escolares ao CEIP e IES (só 10 meses ao ano).

5. Adxudicación:

a) Data: 29 de marzo de 2017.

b) Contratista: SALVADOR PIÑEIRO CASTRO.

c) O prezo do contrato será de:

*361,82 €/mes máis IVE no servizo de transporte dos usuarios do Centro Social.

*992,73 €/mes máis IVE no servizo de escolares ao CEIP e IES.

Becerreá, 18 de abril de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 1132

*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 12 de abril de 2017, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 1º Trimestre 2017 das:

Taxa polo subministro de auga.

Taxa pola recollida de lixo.

Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.

Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da

publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 13/04/2017 ata o 12/06/2017. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 18 de abril de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 1133

A FONSAGRADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 18.04.2017, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de marzo de 2017 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 6.426,85 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 1.995,60 € .

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do

Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 18 de abril de 2017.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 1157

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

De conformidade co acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 19 de abril de 2017, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para a adxudicación do contrato de subministración de de equipos multifunción e de impresión mediante renting, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora:

- a) Organismo. Concello de Láncara
- b) Dependencia que tramita o expediente. Secretaría
- c) Obtención de documentación e información: Concello de Láncara, Rosalía de Castro, 17, baixo. A Pobra de San Xiao. Láncara. Teléfono 982543077, fax 982543357, concello.lancara@eidolocal.es, www.concellodelancara.com.
- d) Número de expediente. 94/2017

2. Obxecto do Contrato:

- a) Tipo. Suministro
- b) Descrición. Subministración de de equipos multifunción e de impresión mediante renting
- c) División por lotes e número de lotes/número de unidades. Non.
- d) Lugar de execución/entrega: Concello de Láncara, oficinas xerais e biblioteca.
- e) Prazo de execución/entrega. 15 días naturais dende a formalización do contrato.
- f) CPV (Referencia de Nomenclatura). 30121100-4

3. Tramitación e procedemento: Ordinaria, aberto, multicriterio, cláusula 10.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Valor estimado do contrato: 19.196,16 euros. Importe total: 23.227,36 euros

5. Orzamento base de licitación:

a) Importe neto: 4.799,04 euros/ano. Importe total: 5.806,84 euros/ano.

6. Garantías esixidas. Definitiva (%): 5%.

7. Requisitos específicos do contratista: Cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación. 15 días naturais dende a publicación do anuncio no BOP Lugo e no perfil do contratante.

b) Modalidade de presentación. No Rexistro Xeral do Concello de Láncara en horas de 9 a 14 horas.

9. Apertura de ofertas: terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás 10:00 horas, na casa consistorial do Concello.

10. Gastos de Publicidade. Por conta do adxudicatario.

A Pobra de San Xiao, 20 de abril.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 1134

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 18-04-17 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos do primeiro trimestre de 2017, expóñese ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

Establécese como período de cobro en voluntaria do 2 o 22 de maio de 2017.

Lourenzá, 18 de abril do 2017.- A ALCALDESA, Rocio López García

R. 1135

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO DE 2017 .

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 7 de Abril de 2017 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de marzo de 2017 , de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de marzo : 2571,34€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de abril de 2017 e o 01 de xuño de 2017.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro a 07 de abril de 2017.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena

R. 1136

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 1 PONTEVEDRA

Anuncio

D^a BELEN PEREIRA ALVAREZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 001 de PONTEVEDRA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000201/2016 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D^a ALBERTO GONZALEZ RODRIGUEZ contra la empresa LINEANORTE MULTISERVICIOS SL, sobre EJECUCION, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

PARTE DISPOSITIVA

Se declara extinguida la relación laboral entre el demandante y la empresa demandada Lineanorte Multiservicios S. L.

Se concreta la indemnización del demandante en la cantidad de **2.799,14 €**.

El salario regulador es de **48,47 euros diarios** y se devenga hasta el día de hoy, sin perjuicio, en su caso, de los descuentos que pudieran corresponder.

Todo ello con intervención del Fondo de Garantía Salarial en la responsabilidad que le incumbe.

Notifíquese esta resolución a las partes y hágaseles saber que contra ella podrán interponer recurso de reposición en el plazo de tres días desde el siguiente a su notificación.

Así por este auto, lo acuerdo, mando y firmo, doy fe.

Y para que sirva de notificación en legal forma a LINEANORTE MULTISERVICIOS SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En PONTEVEDRA, a siete de febrero de dos mil diecisiete.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1137
